

OS SONS DO GALEGO

SONS, FONEMAS E LETRAS	
Sons (Fonética)	Unidades fónicas concretas pronunciadas por un individuo nun acto de fala
Fonemas (Fonoloxía)	Unidades lingüísticas mínimas que non teñen significado pero si valor distintivo e que se caracterizan por: • A sonoridade • O punto de articulación • O modo de articulación
Letras	Representacións na escrita das unidades fonolóxicas dun idioma

OS FONEMAS VOCÁLICOS		
Vogais	Fonemas que se realizan acusticamente sos e que poden constituír sílabas por si mesmos	
Neutralización e arquifonema	A neutralización dáse cando a oposición entre dous fonemas deixa de ser distintiva, constituíndo así o chamado arquifonema . En galego dáse a neutralización das vogais en posición átona postónica (5) e átona final (3)	
Fenómenos de vacilación vocálica	Vocalismo tónico	• Metafonía • Influxo de nasal
	Vocalismo átono	• Fenómenos de adición: prótese, epéntese, paragoxe • Fenómenos de supresión: aférese, síncope, apócope • Fenómenos de vacilación vocálica: asimilación, disimilación, labialización

OS FONEMAS CONSONÁNTICOS	
Consoantes	Fonemas que se producen poñendo algún tipo de dificultade á saída do aire. Para formar sílaba, precisan dunha vogal
Neutralización e arquifonema	As neutralizacións consonánticas afectan ás nasais e ás vibrantes
Fenómenos de vacilación consonántica	• Metátese: desprazamento de fonemas • Seseo: non realización do fonema /s/ e realización como [s] • Gheada: realización do fonema velar oclusivo sonoro de forma aspirada

A SÍLABA	
A sílaba	Unidade fónica elemental da fala • Segundo o fonema final: libres ou trabadas • Segundo a posición do acento: tónicas ou átonas
Ditongo, tritongo e hiato	• Ditongo: dúas vogais nunha mesma sílaba • Tritongo: tres vogais nunha mesma sílaba • Hiato: encontro nunha palabra de dúas vogais pertencentes a sílabas diferentes

O ACENTO E A ENTOACIÓN	
O acento	Reforzo da intensidade e elevación do son que recae nunha sílaba. Segundo a posición da sílaba tónica: agudas, graves e esdrúxulas
A entoación	Curva melódica orixinada ao emitir un enunciado. Modalidades: enunciativa, interrogativa, exclamativa, imperativa

SISTEMA VOCÁLICO		Punto de articulación		
		Anteriores ou palatais	Central	Posteriores ou velares
Modo de articulación	Pechadas	/i/		/u/
	Semipechadas	/e/		/o/
	Semiabertas	/ɛ/		/ɔ/
	Aberta		/a/	

A distinción entre as dúas vogais palatais /ɛ/ - /e/ e entre as dúas velares /ɔ/ e /o/ de grao medio só funciona en posición tónica e, en contadas ocasións, en posición pretónica: Eu **rɛgo** / un **rego** // El c **ɔme**/ come ti. En posición átona postónica o número de vogais redúcese a cinco e, en posición átona final, redúcese a tres: /a/, /E/, /O/ agás algún préstamo asentado na lingua (taxi), algún latinismo (mapamundi) ou algunha forma coloquial castelanizante (bici).

Vogais semiabertas /ɛ/ e /ɔ/

- Cando proveñen de æ, ě, e ð tónicos latinos: ceo, sempre, fera, muller, ferro,...; porta, sorte, óso...
- As graves rematadas en ditongo crecente: serie, egua, materia, ...; odio, socio, consistorio,...
- Como norma xeral, no **e** e **o** tónicos dos cultismos, especialmente cando aparecen trabados por consoante oclusiva: léxico, pésima, arsénico, éxtase, éxito, técnica, ...; lóxico, código, módico...
- Nas palabras rematadas en -el e -ol e os seus plurais: pastel, papel, papeis,...; mol, caracol, españois... Tamén temos /ɛ/ cando o e aparece trabado por -l: helmo, feltro, celta, mel, pel,...
- Cando o o provén da fusión con outro -o, ao desaparecer unha consoante intervocálica (distinta de -n-): nó, só, po,...
- Nas voces terminadas en -elo/a, -enza, -encio/a; -ola, -ocho/a, -ote/a e -oz (e os seus plurais): portelo, cadela, mourenza, paciencia, silencio,...; caracola, rapazola, vellote, noz, voz, feroz,...
- No e tónico das formas do tema de pretérito dos verbos irregulares: fixeches, houbera, dixer,...

- Nas vogais do radical dos verbos da CII esquecer e esquecer.
- No e e o tónicos da raíz na 2ª, 3ª e 6ª persoas do Presente de Indicativo dos verbos da CII con alternancia vocálica: bebes, meten, teme,...; comes, corren,... Os verbos ver, deber, ler e os incoativos en –ecer, como adormecer, devercer, etc., presentan sempre vocalismo pechado.
- No e e o tónicos da 2ª, 3ª e 6ª persoas do Presente de Indicativo dos verbos da CIII que presentan
alternancia vocálica: serves, segue, feren,...; sobes, foxe, cospen,...
- Os nomes das letras: e, o, efe, ele, eme, ene, eñe, erre e ese.
- Os indefinidos alguén, ninguén, ren, cadaquén, quenquera, calquera, mesmo, certo,...
- O relativo-interrogativo quen.
- Os numerais cero, sete, nove, dez, cen,...
- A conxunción copulativa e (< ět)
- As formas do posesivo noso, nosos, nosa, nosas.
- Os pronomes tónicos eu, connosco, convosco, nós e vós.
- As contraccións ó, ós, có, cóis.

Vogais semipechadas /e/ e /o/

- Cando proveñen de ē, ĭ, œ, ō e ŭ tónicos latinos: pena, pelo, feo,...; copa, todo, torre, oso,...
- Nos sufixos tónicos -és/a, -edo, -eza, -ello/a (agás vello); -oso, -ón/a, -or (agás mor), -oño e -ollo: cangués, coruñesa, penedo, pendello, orella,...; curioso, papón, comedor, dor, risoño, ferrollo, etc.
- Nos nomes rematados en -eo: feo, alleo, seo,...
- Seguido de consoante palatal (ch, x, ñ, ll) ou formando ditongo con i, especialmente nos verbos da CI: empeño, pechas, pecho, deitan, cheira, espello,...; adoito, mollen, acochas,...
- Nos verbos da CII con alternancia (agás a 2ª, 3ª e 6ª persoas do Presente de Indicativo): bebo, beban,... ; movo, coman,...
- No infinitivo dos verbos da CII, así como as formas de infinitivo do verbo pór: saber, ter, comer, facer,...; pór, pormos, poren,...
- Nos tempos de tema de Perfecto regular: bebestes, temesen,...; tamén nas formas do tema de Perfecto dos verbos ser e ir: fose, foran,...
- Na vogal tónica do radical dos verbos en -ear: ouvean, ceas, coxeo,...
- Na terminación -oa, produto da perda do -n-: boa, soa, coroa,...
- Cando e e o constitúen ditongos decrecentes: meu, moito, eira, ouro, touro, louro, eito, moucho, noiva, eixe...

- Os nomes das letras: be, ce, de, gue, pe, te, xe e zeta.
- Os demonstrativos: este, esta, eses,...
- Os numerais tres, once, doce, trece, catorce...
- Os pronomes persoais nosoutros, vosoutros, el

modo de articulación		punto de articulación													
		bilabiais		Labiodentais		linguodentais		interdentais		alveolares		palatais		velares	
		x	s	x	s	x	s	x	s	x	s	x	s	x	s
oclusivas			p	b			t	d						k	g
					f				θ		s		ʃ		
													ç		
				m							n		ɲ		ŋ
											l		ʎ		
liquidas	laterais														
	vibr	simple									r				
		múltiple									r				